

**DECRETO DA ALCALDÍA, SOBRE A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL COAS CLAÚSULAS ESPECÍFICAS DE CONTRATO EN PRÁCTICAS, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE PONTEAREAS A TRAVÉS DO PROGRAMA E BASES DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO". PUBLICADO O MÉRCORES 15 DE MAIO DE 2019 NO BOPPO NUMERO 92.**

O concello de Ponteareas como entidade colaboradora e a encargada de levar a cabo a selección das persoas beneficiarias dos contratos en prácticas, segundo ó establecido nas bases da convocatoria do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O Teu Primeiro Emprego" nos Concellos, publicada no BOPPO nº 92 do 15 de maio de 2019.

Vistas as Bases e os seu anexo polas que se establecen as normas para a procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Ponteareas, ao abeiro do Programa e Bases de Fomento da Empregabilidade na Provincia De Pontevedra "O Teu Primeiro Emprego" para o Ano 2019. Publicado O Mércores 15 De Maio De 2019 No BOPPO Numero 92. ao amparo da Resolución da Deputación De Pontevedra de data 19/07/2019 pola que se lle concede ao Concello de Ponteareas 4 licenciados/as ou Graos para a obra ou servizo" MEMORIA O TEU PRIMEIRO EMPREGO" ao abeiro das citas bases de publicada no BOPPO nº 92 do 15 de maio de 2019, co número de expediente 2654/2019 e expediente relacionado 5954/2019 de Seleccións de Persoal e Provisións de Postos.

Son obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal na modalidade de contrato en prácticas 4 licenciados/as ou Graos para a obra ou servizo" MEMORIA O TEU PRIMEIRO EMPREGO" ao abeiro das citas bases de publicada no BOPPO nº 92 do 15 de maio de 2019, durante 6 meses prorrogables a xornada completa para a realización de servizo descrita nas bases, vinculados á resolución de data 19/07/2019 da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión extraordinaria urxente do día 12 de xullo de 2019, pola que se lle concede ao concello de Ponteareas unha subvención para a contratación de 4 licenciados/as ou



Graos ao amparo das citas bases de publicada no BOPPO nº 92 do 15 de maio de 2019.

Visto RC e xeración de crédito emitido e asinado pola interventora e responsable económica con data 21/06/2019, derivado da resolución de data 19/07/2019 da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión extraordinaria urxente do día 12 de xullo de 2019, pola que se lle concede ao concello de Ponteareas unha subvención para a contratación de 4 licenciados/as ou Graos ao amparo das citas bases de publicada no BOPPO nº 92 do 15 de maio de 2019.

Visto o art. 11 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que “é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal”.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como establecidos a continuación:

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”



Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo. Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que “[...] poderán proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo, [...]”.

Os ditos contratos celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen [...]”.

Tendo en conta que a contratación de persoal en base a Resolución referida se realiza para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos en cuestión, e co fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade de convocar os postos que a continuación se relacionan, para cubrir mediante a modalidade de contrato laboral de prácticas de carácter temporal coas cláusulas específicas , os seguintes postos:

- **2 Titulado/a en Grao de Economía**
- **1 Titulado/a en Grao de Relacións laborais e Recursos Humanos**
- **1 Titulado/a en Grao de Dereito.**

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.



**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Presentar ante o Servizo Público de Emprego as ofertas por categoría e características enumeradas a continuación:

- 2 Titulado/a en Grao de Economía. CNO28101019
- 1 Titulado/a en Grao de Relacións laborais e Recursos Humanos. CNO 26241014
- 1 Titulado/a en Grao de Dereito. CNO 25111040

**SEGUNDO:** Aprobar as bases e o seu anexo, que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo laborais contrato en practicas para a contratación 4 graos ou licenciados/as para o programa denominado " MEMORIA O TEU PRIMEIRO EMPREGO" ao abeiro das citas bases publicadas no BOPPO nº 92 do 15 de maio de 2019, cunha duración de 6 meses prorrogables, a xornada completa para a realización de servizo descrita nas bases .

**TERCEIRO:** Ordenar a publicación da presente convocatoria, bases e anexo no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web do Concello ([www.ponteareas.es](http://www.ponteareas.es)).

**CUARTO:** Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal, AEDL, intervención para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asino en Ponteareas, á data que consta á marxe.

